


Manifesto

pola

XUSTIZA



XUSTIZA PARA TODOS

Hai trinta e seis anos que os cidadáns, desexando o establecemento da xustiza, démonos unha Constitución que nos garantise a convivencia democrática conforme a unha orde económica e social xusta. Así o proclamaban as primeiras palabras desa Constitución e así pode lerse no seu preámbulo aínda.

Pois ben, pasados trinta e seis anos dende que os cidadáns nos désemos aquela norma, todos eses desexos están en transo de verse frustrados grazas a leis e políticas inicuas que conduciron a este país á bancarrota económica e sobre todo moral que hoxe padecemos.

XUSTIZA INDEPENDENTE

XUSTIZA SEN TAXAS

Empezando polos principios

A Xustiza que a nosa Constitución desexaba establecer, impartida por xuíces independentes a cidadáns iguais ante a lei, agoniza hoxe entre leis e proxectos de leis que condicionan o acceso a esta ao pagamento de cantidades económicas disuasorias (taxas) ou debilitan a independencia dos nosos órganos xudiciais. A nula atención adicada á Xustiza e os intentos de organizala con interesados criterios partidistas deron lugar tamén a que apenas se destinasen recursos a mellorar o seu funcionamento, de forma que a día de hoxe o primeiro dos motivos que nos levaron a darnos aquela constitución está virtualmente frustrado.

Que ningún se chame a engano: A quebra da Xustiza permitiu que a corrupción se instalase nas institucións públicas e é esta corrupción pública a que conduciu á quebra económica e moral que hoxe padecemos.

Alguén dubida que de terse adicado un mínimo de medios xudiciais a controlar os abusos e corruptelas financeiras, inmobiliarias e urbanísticas hoxe esta crise non sería tan grave? Alguén dubida que de existir unha xustiza rápida e eficaz non se producirían os bochornosos espectáculos que, en interminables procesos por corrupción, ofrécennos a clase política e as máis altas institucións da nación?

Alguén dubida, en fin, que sen unha administración de Xustiza que protexa e defenda os dereitos dos cidadáns estes dereitos non son mais que un puro papel mollado? Sáibano todos e téñano presente: Se non existe Xustiza dá igual que se

proclamen dereitos porque ninguén poderá reclamalos; se a Xustiza non funciona correctamente ningún dereito ou lei que se promulgue terá eficacia; se o acceso á Xustiza se somete prezo o exercicio dos seus dereitos estará tamén sometido a prezo.

Non hai convivencia posible sen xustiza, sen ela todos os estados son estados falidos; é o momento, pois, de que lembremos por que e para que decidimos vivir xuntos e por que e para que nos demos unha constitución. É o momento de rexenerar e reconstruír a convivencia e para iso non existe outro camiño que o de empezar polos principios.

Por iso miles de cidadáns agrupámonos baixo unha soa letra: unha #T que representa a nosa demanda de Xustiza, una #T que representa o noso rexeitamento ás infames taxas xudiciais impostas polo goberno, unha #T que evoca a igualitaria balanza da xustiza, unha #T, en fin, que nos lembra que a xustiza, que a convivencia, é de #Todos e non propiedade duns poucos. Non hai cores políticas á sombra de #T pois a necesidade de xustiza é común a todos os partidos, a todos os estados e a calquera comunidade, presente ou futura, que aspire a ser minimamente democrática. Esta convivencia democrática é imposible sen xustiza e de aí nace a urxente necesidade de que a recuperemos, porque de completarse a xa iniciada destrución da mesma terase evaporado toda esperanza de convivir democraticamente e en liberdade.

En #T imos pelexar pola Xustiza usando as poucas pero decisivas armas de que dispoñemos: A nosa voz e o noso voto. Imos esixir a inmediata derogación da infame lei de taxas xudiciais, imos a demandar que se

destinen á administración de xustiza os recursos necesarios para que esta funcione, imos reclamar unha Xustiza Gratuíta digna e imos a cominar ao goberno a que reforme as leis e proxectos de leis que poñen en perigo a independencia xudicial. Imos, en suma, a loitar e a gañar esta batalla, porque é previa a calquera outra discusión política por importante que esta sexa; porque sen xustiza non hai convivencia.

Por iso, á hora votar non esqueza que, máis importante que decidirse por un partido ou outro, é votar a partidos que non apoiem a abxecta lei de taxas xudiciais, por exemplo. Porque antes que nada necesitamos que non haxa corrupción, que non poidan producirse máis bancarrotas económicas e morais como a que vivimos e porque o que necesitamos é xustiza, para todos e de todos.

Si, como soa, de todos e para todos.

Con #T